

MOCIÓN DE AER SOBRE MODIFICACIÓN ACORDO PLENARIO DO 27.06.11 RESPECTO DAS RETRIBUCIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

PLENO 25 AGOSTO 2011. ACTA 16/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo en conta:

O establecido na: **Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.**

Art. 21. 2

Artículo 21. Determinación das cuantías e dos incrementos retributivos.

2. Non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na Lei de Presupostos xerais do Estado para o persoal.

E tendo ademais como precedente o acordo da anterior corporación respecto do incremento das retribucións dos membros da Corporación axustando este segundo ó establecido nos Presupostos Xerais do Estado.

Considerando tamén que os incrementos porcentuais supoñen unha maior desigualdade entre os membros da corporación (por si non fora bastante). Téñase en conta que un 3% supón aproximadamente para o Alcalde 1.500€, para os membros do Grupo de Goberno 450€ e para os concelleiros sen responsabilidades 10€. Entenderíamos razoable que os incrementos fosen liñais.

Aínda que sabemos que a referida lei vai dirixida ós funcionarios e contratados, e sabendo que calquera proposta de redución non será aceptada.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte acordo:

- **Que se modifique o acordo adoptado no Pleno do día 27/06/2011 respecto das retribución dos diferentes compoñentes da actual corporación e se manteña a norma establecida pola anterior corporación de ter os Presupostos Xerais do Estado como referencia para o incremento das retribucións dos membros da corporación.**
- **Aceptariamos tamén que os incrementos non fosen porcentuais e mantiveran as desigualdades que xa existen.**

VOTACIÓN E ACORDO.-

En virtude da petición dos distintos grupos políticos, a moción anteriormente transcrita *QUEDA SOBRE A MESA.*